

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Data: 30/11/2017 12:26:38
SAIDA 13239/17

D. Miguel A Delgado González
(Plataforma en Defensa del Sector
Marítimo Pesquero de Galicia —
PLADESEMAPESGA)
R/Juan Castro Mosquera nº28, 2º
dereita
15 005 A CORUÑA

Correo electrónico: prensa@pladesemapesga.com

Expediente RSCTG 0115/2017

Reclamante: PLADESEMAPESGA

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2017

Estimado Sr.:

Acusamos a recepción do seu escrito que tivo entrada nesta institución o día 21 de novembro de 2017, que deu lugar ao número **RSCTG 115/2017**, ao que lle rogamos que faga sempre referencia en posteriores escritos que nos dirixa sobre este asunto, sendo a secretaria da Comisión da Transparencia a persoa a quen se poderá dirixir para coñecer a situación e a valoración da súa solicitude.

A súa petición versa sobre a existencia dun silencio administrativo por parte da Consellería do Mar en relación a uns escritos presentados nesa administracións os días 14, 20 e 25 de outubro de 2017.

Tras a primeira valoración da súa solicitude xurde a dúbida previa a tramitación, de se estamos ante o exercicio dun dereito de acceso á información pública, e de se non estamos ante unha duplicidade toda vez que tales escritos, achegados por vostede coinciden coa documentación remitida pola Consellería do Mar no expediente RSCTG 111/2017 que nesta mesma data estamos iniciando.

En relación ao exercicio do dereito de acceso á información da documentación recibida se detecta que a plataforma ofrece á administración que antes da publicación dunha información "*documentada en documentos oficiais que non requiren ser contrastados*" en aplicación voluntaria da Lei orgánica 2/1984, do 26 de marzo, reguladora do dereito de rectificación procede a darlle tres días para que os use para rectificar ou desmentir a información con anterioridade a propia publicación.

Tal como están redactados os escritos dirixidos á administración vostede xa dispón dos documentos oficiais que segundo afirma o escrito non requiren ser contrastados. Por tanto, deberá aclarar que documentos solicitou, pois o exercicio do dereito de rectificación (que en todo caso segue a corresponder á administración, tras a publicación) é un dereito diferente ao dereito de acceso á información pública, con regulacións diversas e vías de aplicación moi diferentes.

Por isto procedemos a requirirille que aclare se solicitou algunha información expresamente e en que termos ou se só exercitou o dereito á rectificación, e en todo caso indíquese se efectivamente a documentación achegada coincide literalmente coa do expediente RSCTG 111/2017 remitida desde a Consellería do Mar para o que disporá dun prazo de dez días.

No caso de que non achegue as aclaracións requiridas, teráselle por desistido da petición, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos na norma correspondente.¹

A fin de axilizar os trámites, e segundo o establecido no art. 22 da Lei 19/2013², poñemos á súa disposición un correo electrónico no que poderá remitir tanto a copia do DNI como calquera cuestión que considere para a incorporación ao expediente (reclamacions@comisiondatransparencia.gal)

Neste caso, e se vostede o solicitase, remitirémolles unha copia do seu escrito na que figurará o rexistro de entrada na institución.

Un atento saúdo

A secretaria da Comisión de Transparencia


Comisión da
transparencia
de Galicia

María Puy Fraga

¹ Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, artigos 66 e 68

² Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.